

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP “MANUEL FRAGA IRIBARNE”

CURSO: TERCEIRO

MATERIA: Educación Física

DATA: 4 de maio 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

Para a selección dos estándar de aprendizaxe seguíronse os seguintes criterios:

1. Que sexa factible nunha metodoloxía de aprendizaxe non presencial.
2. Que sexa factible desde o punto de vista da realización nunha situación de confinamento.
3. Que sexa medible mediante os instrumentos dos que se dispoñen nesta situación. Non se solicitará ao alumnado a grabación de vídeos.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Buscar e presentar información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita. ▪ EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.2. Coñece e respecta a normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais. ▪ EFB1.3.5. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB2.2.2. Mantense en equilibrio sobre distintas bases de sustentación en diferentes posturas e posicións, durante un tempo determinado. ▪ EFB2.2.3. Coñece os músculos e articulacións principais que participan en movementos segmentarios básicos e no control postural.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo ou mesma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.1.2. Busca, de maneira guiada, información para comprender a importancia duns hábitos de alimentación correctos para a saúde. ▪ EFB5.1.3. Coñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Coñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas, en especial as de Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.2.1. Recoñece as diferenzas e características básicas dos xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza. ▪ EFB6.2.2. Recoñece xogos e deportes tradicionais de Galicia.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Seguimento da participación do alumnado na aula virtual do colexio. Comunicacóns do alumnado a través das familias mediante email e AbalarMóbil	
	Instrumentos: Informes de participación xerados pola plataforma moodle (aula virtual) Evidencias recollidas a través de email e AbalarMóbil	
Cualificación final	Cualificación da segunda avaliación: 100% Incrementos da cualificación como valoración do traballo na terceira avaliación. <u>Para unha situación persoal sen dificultades:</u> Ata 3 puntos	
	Participación activa na aula virtual (lee documentos e visualiza vídeos,etc)	33%
	Presenta algunha tarefa.	33%
	Presenta todas as tarefas propostas	33%
	<u>Para unha situación persoal con dificultades de diversa índole: limitacións de equipamento tecnolóxico, imposibilidade de apoio familiar, estado de saúde e/ou emocional que impida desenvolver o traballo:</u> Analizarase a situación coa familia co fin de consensuar unha calificación positiva para o alumnado, este aspecto quedará reflectido no informe final. Valorarase o contacto habitual co mestre, ben directamente, ben a través da persoa titora, para aspectos relacionados coa área.	

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Unidades didácticas integradas:</p> <p>1.- Dereita – esqueda. Contidos relacionados coa lateralidade. Actividade física: hip-hop</p> <p>2.- O meu corpo. Ósos e músculos Actividades interactivas. Actividade física: zumba</p> <p>3.- Alimentación e saúde. Dieta e alimentación saudable. Actividade de investigación: alimentos con azucre. Actividade física: loga</p> <p>4.- Educación viaria Contidos relacionados coa ed. Viaria. Actividade física: paseo / bicicleta na rúa.</p> <p>5.- Xogos e deportes Conceptos de xogo e deporte. Clasificación de xogos e deportes. Actividades interactivas. Actividade física: retos.</p> <p>O deseño das unidades didácticas pode verse no curso da materia no espazo alumnas e alumnos da aula virtual do colexio en av.colecarino.net</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Optarase por metodoloxías de acompañamento e guía do alumnado durante a aprendizaxe en período de confinamento. A relación co alumnado establecerase de xeito principal mediante o uso da aula virtual do colexio. Como alternativas habilitase un email para a comunicación e recepción de tarefas.</p> <p>Alumnado sen conectividade: Ofrecerase a posibilidade de recibir os documentos e tarefas a través de abalarmóbil ou email. O envío de tarefas ou a realización en papel será voluntaria para o alumnado. No momento da redacción deste documento estase a preparar o envío de equipos informáticos ás familias o que soliciten.</p>
Materiais e recursos	<p>Aula virtual do colexio en https://av.colecarino.net</p> <ul style="list-style-type: none"> • Documentos en formato digital. • Vídeos seleccionados de Internet. • Actividades interactivas de elaboración propia ou de terceiros. <p>Recurso que o alumnado ten dispoñible nos seus fogares.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Publicación no curso correspondente da aula virtual do colexio. Incorporación á circular que enviará a persoa titora mediante AbalarMóbil
Publicidade	Publicación na portada do sitio web oficial do colexio: http://colearino.net